



# XOVES

## I+D+i

Estimado/a amigo/a:

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) quere informarte das infraestruturas, recursos e servizos de alto valor engadido que ofrece o [Centro de Supercomputación de Galicia](#), CESGA, creado no 1992 froito da colaboración entre a Xunta de Galicia, o CSIC e as Universidades Galegas. Foi recoñecido no ano 2008 polo Goberno de España como Infraestrutura Científico Tecnolóxica Singular do Estado (ICTS).

Este centro dispón dunha **infraestrutura de computación** baseada en tecnoloxías Cloud destinada a facilitar o uso da simulación e modelización á empresas galegas. Os superordenadores do CESGA contan hoxe cunha capacidade de cálculo agregada suficiente para resolver 29,5 Billóns de operacións matemáticas por segundo. A **capacidade de almacenamento de datos** ascende a case tres millóns (3.000.000) de Gigabytes. CESGA participa activamente na construción e testeo dunha infraestrutura de carácter paneuropeo para uso por empresas innovadoras.

O CESGA proporciona **servizos a empresas e institucións** con grandes necesidades de computación e comunicacións de xeito continuado (24x7x365). Ofrece servizos a máis de sesenta empresas innovadoras, fundamentalmente PEME galegas, contribuíndo a mellorar a súa competitividade. Outras entidades como Puertos del Estado, MeteoGalicia, a Infraestrutura Grid Europea e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica tamén empregan a diario estes servizos.

As áreas nas que o CESGA presta servizos son:

- Computación de altas prestacións.
- Almacenamento e xestión de grandes volumes de datos.
- Rede de comunicacións de altas prestacións para actividade de I+D+i.
- Soporte especializado GIS aplicado ao I+D+i.
- Plataformas e recursos e-Learning para ámbitos de I+D+i.
- Soporte á transferencia de coñecemento á industria.

Nas actividades desenvolvidas en colaboración con institucións e empresas durante os últimos 15 anos o CESGA executou **195 proxectos de investigación** que mobilizaron máis de 500 millóns de euros e que reportaron ingresos de 13,4 millóns de euros ao Centro. 34 destes proxectos obtiveron financiamento a través de convocatorias competitivas da Comisión Europea. En 2013, **498 investigadores** fixeron uso dos supercomputadores do Centro.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o vindeiro xoves.